

Bloque Nacionalista Galego de Cabanas

R/ do Concello nº 3, 15622 Cabanas (A Coruña)

e-mail: cabanas@bng.gal

web: <http://cabanas.bng.gal>



Iago Varela Martínez, voceiro municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro da lexislación vixente presenta ante o Pleno do Concello de Cabanas para o seu debate e posterior acordo a seguinte

INICIATIVA RELATIVAS ÁS MEDIDAS A ADOPTAR PARA O CONTROL E DESAPARICIÓN DO CARRIZO DA PAMPA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O carrizo da Pampa (*cortaderia selloana*), tamén coñecida como “plumeiro”, é unha planta herbácea perenne que procede de América do Sur e que se caracteriza polas súas grandes dimensións, superando o metro e media de altura. Propágase a partir dos milleiros de sementes que produce cada planta feminina, impulsados polo vento a longa distancia, mais tamén pola propia fragmentación da cepa.

Aínda que a introdución do Carrizo da Pampa na Galiza é recente, estando moi vencellada ao uso como cultivo ornamental, nomeadamente no eixo da AP-9, a súa grande e rápida expansión polo territorio galego fai que se poida considerar a todos os efectos como unha especie invasora: Unha vez instalado o carrizo da Pampa ten grande capacidade para sobrevivir, modifica o hábitat e resulta moi perigosa para a flora endémica, tratándose ademais dunha especie pirófita que contribúe á propagación de incendios e coloniza doadamente os espazos queimados.

Isto levou a que o carrizo da Pampa ou cortaderia estea incluído no Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras; así o dispón o Real Decreto 1628/2011, de 14 de novembro, e, polo tanto, a súa introdución no medio natural estea prohibida.

Cabanas non é allea a esta problemática, e, ademais de ter presenza nas inmediacións da autoestrada, esta planta invasora está a incrementar a súa presenza en numerosos lugares, especialmente no trazado da N-651 ao seu paso polo concello.



SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CABANAS
SRS. CONCELLEIRAS DO CONCELLO DE CABANAS

Bloque Nacionalista Galego de Cabanas

R/ do Concello nº 3, 15622 Cabanas (A Coruña)

e-mail: cabanas@bng.gal

web: <http://cabanas.bng.gal>



Por estas razóns, o Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno do Concello de Cabanas esta iniciativa proponendo a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. O Concello de Cabanas adoptará as medidas necesarias tendentes á erradicación da cortadería selloana en todo o termo municipal de Cabanas.
2. O Pleno da Corporación solicita ás Consellarías competentes da Xunta de Galiza e ao Ministerio de Fomento que realicen actuacións conxuntas para erradicar a cortadería selloana, dando cumprimento ao disposto no Real Decreto 1628/2011 de 14 de novembro.

En Cabanas, a 13 de outubro de 2017

Asdo. **Iago Varela Martínez**

Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego (BNG)

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CABANAS
SRS. CONCELLEIRAS DO CONCELLO DE CABANAS